
CIG Boletín sindical
Nº 97 - 2026
www.cig.gal
Por unha Galiza ceibe e sen explotación

A suba dos prezos que a pague o capital

A medra constante dos prezos está levando á ruína á clase traballadora galega. Á suba da electricidade, dos combustíbeis e de moitos produtos de primeira necesidade hai que engadir os elevados custos da vivenda, unha grave deterioración dos servizos públicos e retroceso nas políticas sociais.

Fronte ao lamento, a CIG chama a reaccionar e á mobilización para facer fronte a esta situación e que non sexamos de novo, as traballadoras e os traballadores, as e os que paguemos, máis unha vez, esta nova crise.

Por iso, a central sindical vén de lanzar unha campaña baixo o lema 'A suba dos prezos que a pague o capital. Queremos vivir dignamente', que se desenvolverá nos próximos meses e anuncia a convocatoria de asembleas de delegadas e delegados para o día 8 de outubro e mobilizacións nas principais cidades o día 1 de decembro.



A CIG responsabiliza da suba descontrolada de prezos, agravada agora pola seca, ás guerras imperialistas e á ofensiva belicista dos EUA coa obediencia da UE e o entreguismo do Estado español. Unha inflación que está aumentando as débedas das familias e dificultando acceder a bens e servizos básicos.

Fronte a isto, o capital segue enriquecéndose e obtendo beneficios escandalosos. Unha situación diante da que os gobernos manifestan unha nula vontade para adoptar medidas contra o capital, que segue unha tendencia cada vez máis reaccionaria no social, no económico e no político.

Diante desta situación a CIG reclama que a Xunta de Galiza e o goberno do Estado español inclúan, nos orzamentos de 2027, un Plan de Choque no que se articulen toda unha serie de medidas para frear a deterioración das condicións de vida:

- Paralizar o aumento do gasto militar e anular o que se ten aprobado para destinalo á protección social, servizos públicos e ter un sistema público galego digno de atención ás persoas.
- Intervención pública nos sectores estratéxicos, como o financeiro, enerxético, alimentación, vivenda e mobilidade para garantir uns mínimos de benestar social.
- Fixar nos 1.374,74 euros mensuais o SMI con carácter retroactivo desde o 1 de xullo de 2026 para cumprir xa a Carta Social Europea.
- Promover o dereito á negociación colectiva, o poder adquisitivo dos salarios e as cláusulas revisión salarial conforme o IPC, garantindo a prevalencia dos convenios galegos fronte aos estatais.
- Os gobernos fixarán por lei prezos populares en produtos básicos de alimentación, prezos xustos para quen os produce e actuarán contra quen especula.
- Prohibir os desafiuzamentos, conxelar as cláusulas das rendas dos alugueiros e que non se apliquen as subas de xuros nas hipotecas.
- Aprobar un Plan de acción que poña a disposición inmediata todas as vivendas da SAREB para os sectores sociais máis necesitados. Intervir o mercado da vivenda fixando os prezos máximos de alugueiro acordes co salario medio do lugar. Creación dun Banco Galego de Vivenda para alugueiro social.

- Creación dunha Empresa Pública Galega de Electricidade, que garanta a enerxía ao servizo do pobo. Aprobación dunha Tarifa Eléctrica Galega, abaratando a factura da electricidade e reforma do marco legal para limpar da factura os cargos que non teñen relación directa co funcionamento do sistema eléctrico.
- Fixación polo Goberno dun prezo máximo da gasolina e do diésel tomando como base o prezo medio nas gasolineiras ao 24 de febreiro de 2022.
- Reforzar os servizos de mobilidade aumentando as frecuencias, ampliando os horarios para facilitar os desprazamentos, reducindo as exixencias para o acceso a maiores descontos e ampliar os traxectos gratuítos.

O curso arrinca con falta de profesorado e un falso debate sobre absentismo

O curso escolar 2026-2027 comeza coa Consellaría de Educación instalada na propaganda e inventando unha interesada polémica sobre as baixas laborais no sector para desprestixiar socialmente o profesorado. Mentres, as queixas nos centros agrávanse pola falta de persoal, sobre todo para atender a diversidade, a redución da oferta formativa, as deficiencias nas instalacións ou as eivas no transporte escolar.

Entre os incumprimentos máis rechamantes, a CIG-Ensino destaca a cifra de 100 especialistas de Pedagoxía Terapéutica máis para Secundaria "que quedou reducida a 5" e a baixada de 114 vacantes en Primaria en relación ao curso pasado.

"O conselleiro Román Rodríguez ten que detallar a onde foron asignados eses supostos 956 docentes máis en Secundaria e as 1.600 máis en total desde 2023, porque desde os centros nos trasladaron que apenas houbo incrementos do cupo ou nalgún caso que mesmo se reduciu", advirte a secretaria nacional da CIG-Ensino, Laura Arroxo.

Ademais, aumenta o número de profesorado que ten que impartir afíns, ámbitos, itinerar entre centros ou ten perfil bilingüe, "o que supón unha maior exixencia para a preparación das



clases e un empeoramento nas súas condicións laborais que ninguén na Consellaría se parou a analizar".

Para evidenciar a fartura do profesorado e da comunidade educativa, con motivo da comparecencia de Rodríguez no Consello Escolar de Galiza, a CIG-Ensino mobilizouse o 23 de setembro para exixir menos propaganda e máis recursos para o ensino público.

Persecución das baixas

Para máis abundar, o conselleiro suma agora un falso debate sobre o absentismo do profesorado, inserido na campaña de criminalización das persoas que están de baixa iniciada polo Goberno do PP na Xunta.

"As declaracións de Rodríguez anunciando un plan para avaliar as baixas docentes e sementando a dúbida sobre se moitas delas son fraudulentas, parécennos gravísimas", asevera Arroxo.

Incide na existencia de causas estruturais que son chave para entender este fenómeno, apuntando aos recortes na sanidade pública, maiores niveis de estrés derivados do empeoramento das condicións laborais, os novos desafíos nas aulas ou o atraso na idade de xubilación. "Enfermar non é un delito. E en todo caso as baixas determínaas un facultativo sanitario, non o Conselleiro", conclúe.

A CIG reclama o cesamento do conselleiro de Emprego tras a sanción á adega da súa familia

A CIG considera intolerábel que o conselleiro de Emprego, José González, continúe exercendo como máxima autoridade laboral de Galiza despois de que a Inspección de Traballo sancionase a adega da súa familia por empregar persoas migrantes sen papeis durante a vendima do pasado ano.

O secretario xeral, Paulo Carril, exixe que dimita ou sexa cesado e cuestiona que poida seguir exercendo a responsabilidade de velar polo cumprimento dos dereitos das persoas traballadoras, máis nun momento tan especial como o que vivimos e no que ten que ver coa dignidade das persoas migrantes.

A CIG considera grave que, por enriba, González pretendese darlle normalidade a esta irregularidade e por iso advirte que "o tempo que tarde en dimitir, ou o tempo que tarde en ser cesado por quen o nomeou, fai culpábel o Goberno galego e a Rueda tamén".

Carril lembra que este feito "dáse no contexto dunha adega vinculada cun conselleiro que ten responsabilidades e vén precedido tamén de actuacións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación con obras ilegais".

Por todo isto considera que "a máxima autoridade laboral galega non está lexitimada para seguir exercendo esa responsabilidade, porque foi incapaz de que funcionasen os mecanismos de defensa dos dereitos das persoas traballadoras".

O sector de atención social e coidados únese contra a precariedade

Traballadores e traballadoras do sector de coidados –público e privado– veñen de unificar as súas loitas para denunciar a precariedade que padecen e as consecuencias que isto ten para as persoas usuarias dos distintos servizos. O 24 de setembro concentráronse diante da Xunta de Galiza para presentar o calendario de mobilizacións que desenvolverán nos vindeiros meses e para reclamar a creación dun Servizo Público Galego de Atención ás Persoas que garanta condicións dignas para o persoal e as persoas usuarias.



Estes colectivos levan anos denunciando a situación, tanto laboral como profesional, das escolas infantís 0-3, dos centros de protección a menores e reforma xuvenís, das Residencias de Maiores, dos Centros de Día, dos Centros de Noite, das Vivendas Tuteladas e dos Fogares Residenciais, dos Centros de Atención á Diversidade, dos Servizos de Axuda no Fogar, equipos de valoración da discapacidade e dependencia, atención temperá á discapacidade, e equipas de protección da infancia.

Servizos que o goberno do PP na Xunta vén desmantelando e precarizando con políticas privatizadoras para facer deles un novo negocio a costa das persoas máis vulnerábeis.

Fronte esta visión, salientan que os servizos públicos son a única garantía para unha atención digna, polo que defenden a xestión directa polas Administracións Públicas, que se presten en condicións de calidade asistencial e con condicións de traballo dignas e estábeis para o persoal.

Sobre este último punto, a prioridade sindical é a mellora das condicións laborais, sociais e salariais mediante a negociación colectiva, abrindo mesas de diálogo tanto no ámbito privado, a través do CGRL, como no público, coa Dirección Xeral de Función Pública. Responsabilizan á Xunta de Galiza da situación actual e advirten de que a súa negativa a negociar non freará a defensa de melloras como a baixada das ratios, a redución da carga de traballo, máis persoal especializado e salarios dignos e xustos.

Mobilizacións

Para o día 15 de outubro, ás 11:30h, están previstas concentracións diante dos edificios administrativos da Xunta; o 14 de novembro, ás 11h, unha manifestación nacional con saída da Alameda; e en decembro, unha concentración no Parlamento o día da presentación e debate dos Orzamentos. Ademais se non obteñen resposta da administración, non descartan mesmo a convocatoria de folga.

Intensifícase a loita no comercio de alimentación da Coruña por un convenio digno

O persoal do comercio de alimentación da provincia da Coruña está en loita por un convenio digno. Dende o pasado mes de maio, sucedéronse as mobilizacións e unha xeira de folgas que paralizaron a actividade nos centros loxísticos e nas tendas e cuxas consecuencias se deixaron notar durante semanas.

Porén, a patronal –liderada por Gadis e Froiz– mantén un incomprensíbel inmobilismo sen apenas moverse das súas propostas iniciais, malia as rebaixas da parte social nas súas demandas e o rotundo éxito de todas e cada unha das xornadas de folga.

Enrocada nas súas posturas, Gadis e Froiz escúdanse na demagoxia e apelan á súa condición de empresas galegas para negarlle soldos dignos ao seu persoal e para oporse a calquera mellora económica, asegurando que do contrario non poderían competir.

Neste contexto, milleiros de traballadores e traballadoras manifestáronse o 20 de setembro polas rúas da Coruña para demostrarlle á patronal que están fartas de cobrar menos que as compañeiras de Pontevedra, de ter que traballar case todas as fins de semana, perder poder adquisitivo día tras e tras e, ademais, que non se lles queira recoñecer nada de antigüidade.

A protesta precede á convocatoria de tres novas xornada de folga para os días 10, 11 e 13 de outubro en resposta á parálise patronal na negociación e a teimada negativa a ofrecer condicións laborais, salariais e sociais dignas.

Galiza con Palestina. Resistencia, liberdade e paz

As plataformas Galiza por Palestina e Galiza pola Paz –da que fai parte a CIG– convocan unha manifestación nacional, baixo o lema 'Galiza con Palestina. Resistencia, liberdade e paz', que terá lugar o vindeiro domingo, día 4 de outubro, ás 12:00 horas, con saída da Alameda compostelá.


As convocantes fan un chamamento a participar nesta marcha para denunciar o xenocidio que padece o pobo palestino, desde hai case oito décadas, que pasou a un xenocidio rápido, desde hai máis tres anos, e a unha paz de mentira desde hai un. Unha causa que hoxe continúa a ser a máis urxente e maior das causas da humanidade.

A limpeza étnica que o imperialismo e o sionismo practican contra o pobo palestino, en Gaza e en Cisxordania e mais na cidade ocupada de Xerusalén, deixou xa máis de 73 mil persoas asasinadas, máis de 170 mil feridas, moitas delas con discapacidades permanentes, e moitas delas crianzas, mortas ou orfas.

O pobo galego leva anos a mobilizarse pola paz e a vida digna na Palestina, polo dereito dos pobos á autodeterminación e por unha paz real e sen tutelas.

Con esta nova mobilización exíxese un cesamento do fogo real, coa apertura plena e permanente de todos os pasos fronteirizos, a fin do bloqueo e a entrada masiva e sen atrancos de axuda humanitaria, auga, combustíbel e material sanitario e educativo. Isto, xunto a unha investigación exhaustiva e independente do xenocidio e dos crimes contra a humanidade cometidos por Israel.

Condénase ademais a complicidade da Unión Europea cos intereses do sionismo; exíxese a suspensión inmediata e efectiva do Acordo de Asociación e de todas as relacións preferentes con Israel; denúnciase o incremento do gasto militar que só serve para nos empobrecer; reclámase do Estado español que faga efectiva a ruptura das relacións comerciais e militares coa entidade xenocida; a fin



da lei mordaza e, da Xunta de Galiza, que tome postura clara na defensa da legalidade internacional.

Exíxese, en síntese, a aplicación plena do dereito internacional, nomeadamente o dereito de autodeterminación do pobo palestino, do río Xordán ao mar Mediterráneo, e o dereito ao retorno de todas as persoas refuxiadas.

ILP de Queremos Galego "para unha lingua vital"

Representantes das entidades sociais que apoian o Protocolo Lingua Vital, entre eles a CIG, presentaron esta mañá no Parlamento galego unha Proposición de Lei por Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para reverter a emerxencia lingüística que amosan todos os estudos, pero que é reversíbel co compromiso do poderes públicos e das entidades sociais.

O pobo galego non se resigna. Se a lingua galega está viva é porque hai unha sociedade que a defende e actúa para mantela. Mentres a Xunta amosa, por un lado, un suposto interese pola lingua e lexisla, polo outro, contra a súa presenza en ámbitos como os medios públicos, a administración ou a IA, a sociedade ten que mobilizarse en apoio aos acordos unánimes previos arredor da lingua –como o actual PXNLG, a DUDL ou o a CELRM– e ás alternativas que as entidades foron elaborando colectivamente nun proceso que culminou no Protocolo Lingua Vital.

A Iniciativa Lexislativa Popular recolle os principais aspectos dos acordos pola lingua acadados por entidades da lingua mais tamén sindicais, asociación culturais, veciñais, da comunidade educativa, do ecoloxismo ou das persoas consumidoras.

Unha vez admitida a trámite, comezará un proceso de recollida de sinaturas que contará coa implicación de centos de colectivos sociais e de persoas voluntarias, para que en cada vila e localidade de Galiza se poida asinar e apoiar esta proposta para reverter a emerxencia lingüística e facer da nosa unha lingua vital, en todo e para todo.

A CIG denuncia o recente pacto asinado polo PP e o PSdG. Subliña que non lle serve ningún pacto que manteña o Decreto de Plurilingüismo e o veto ao noso idioma nas aulas. Un acordo que deixa nas mans dos centros decidir en que materias segue prohibido o uso do galego e non reforza a súa presenza en etapas tan transcendentais como infantil ou primaria.

Por iso, anima a asinar, mais tamén a participar activamente no proceso de recollida de sinaturas a toda a súa afiliación e nomeadamente a profesorado, familias e alumnado, para que os grupos parlamentarios que deron ese paso rectifiquen, propoñan a inmediata derrogación do Decreto de Plurlingüismo e se apliquen este mesmo curso as principais medidas necesarias para revivir a nosa lingua antes de que sexa demasiado tarde.